

MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE E MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, NO CORPO AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO C2, ESCALA DE PERSOAL DE SERVIZOS XERAIS.

En sesión que tivo lugar o 25 de setembro de 2023, o tribunal nomeado por Resolución do 17 de xullo de 2023 (DOG núm. 140, do 24 de xullo) para cualificar o proceso selectivo, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, escala de persoal de servizos xerais, convocado por Resolución do 22 de decembro de 2022, (DOG núm. 245, do 27 de decembro), acordou, en base á convocatoria, modificar os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro e único exercicio do proceso selectivo.

1. ESTRUCTURA DO PRIMEIRO EXERCICIO

A proba consistirá en contestar por escrito un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test e dividírase en dúas partes:

A primeira parte do exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cincuenta (50) preguntas tipo test da parte xeral do anexo que figura na Resolución do 20 de decembro de 2022 (DOG núm. 242, do 22 de decembro).

A segunda parte, consistirá en contestar por escrito un cuestionario de trinta (30) preguntas tipo test, relacionado ca parte específica do anexo que figura na Resolución do 20 de decembro de 2022 (DOG núm. 242, do 22 de decembro).

O exercicio disporá de cinco (5) preguntas de reserva, das cales dúas (2) corresponderán á primeira parte do programa e tres (3) á segunda parte.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

2. DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DA PROBA E NÚMERO DE APROBADOS

As regras de puntuación serán as seguintes:

- a) Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
- b) Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
- c) As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

Superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas, sempre que acaden en cada unha das partes, un mínimo do 50% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Unicamente, de darse o caso de que o número de aspirantes que superasen o exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar un número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas non cubertas conforme ao previsto no parágrafo anterior, sempre que acaden en cada unha das partes o mínimo do 40% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Todas as persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela que marque a nota de corte establecida de acordo cos criterios anteriores, consideraranse igualmente aptas. O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos. Asignarase a valoración de 30 puntos no exercicio ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada segundo os criterios anteriores. O resto das persoas declaradas aptas terá unha cualificación distribuída entre os 30 e os 60 puntos, proporcional ao número de respostas correctas.

Santiago de Compostela,

Víctor Manuel Patiño Grela

Presidente do tribunal